

	IES MARÍA CASARES. Departamento de Electricidade e Electrónica			2024-2025
	MATERIA	INTELIXENCIA ARTIFICIAL PARA A SOCIEDADE		
	CURSO	4º ESO	HORAS SEMANAIS	3

BREVE DESCRICIÓN DA MATERIA

A materia de “**Intelixencia artificial para a sociedade**” está orientada a adquisición de habilidades e coñecementos básicos como usuario para un emprego seguro, responsable e consciente da intelixencia artificial (IA) e dos seus sistemas na sociedade actual e no futuro.
<https://youtu.be/dWRnCXbUDgA>



CONTIDOS

<p>Bloque temático 1: <u>Que é IA:</u></p> <p>Descubrirás qué é realmente a IA, a súa historia, os diferentes tipos que existen (IA forte e IA débil), ...</p>	<p>Bloque temático 2: <u>O impacto da IA:</u></p> <p>Verás os campos de aplicación, cuestións como a ética, a sustentabilidade e os aspectos legais ... Valorarás os riscos e as oportunidades.</p>	<p>Bloque temático 3: <u>Fundamentos da IA:</u></p> <p>Entenderás como as máquinas poden “pensar” e aprender a partir da captura, manexo e uso dos datos.</p>	<p>Bloque temático 4: <u>Tecnoloxías transversais na IA:</u></p> <p>Aplicacións de intelixencia artificial: robots autónomos, mundos virtuais, IA xenerativa e predictiva e IA creativa (arte, música e cultura)</p>
---	--	--	---

METODOLOXÍA

Empregaremos una metodoloxía baseada en desafíos e problemas relacionados coa Intelixencia Artificial. Diseñaranse situacións de aprendizaxe con actividades baseadas nunha selección de ferramentas de IA sinxelas e seguras para que o alumno poda crear, compartir e valorar un produto final relevante para a sociedade. Fomentárase o aprendizaxe colaborativo e incluso utilizarase a aula invertida onde os alumnos poden ver videos ou ler material (na aula ou na casa) e logo usar algún tempo de clase para facer reflexións críticas, discutir e traballar en proxectos, etc.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE
Probas obxectivas de coñecemento individual escritas/dixitais	40%
Outros instrumentos de avaliación (proxectos, aplicacións informáticas, investigacións, tarefas...)	60%
TOTAL AVALIACIÓN	100%

NOTA MEDIA AVALIACIÓN ORDINARIA: Media ponderada das tres avaliacións NF= (Nota 1ªAV+ 2*(Nota 2ª AV)+ 3*(Nota 3ª AV)) / 6

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA: Proba obxectiva de coñecementos individuais dixital e/ou escrita

VINCULACIÓN CON ESTUDOS POSTERIORES

Robótica: robots para atención médica e asistencia no fogar, fabricación industrial, drones de vixilancia e exploración,..

Medicina: diagnóstico de enfermidades e detección temperá, investigación en biomedicina e neurociencia, monitorización de pacientes, identificación de tratamentos personalizados e terapias xenéticas,..

Transporte: sistemas de navegación e planificación de rutas, sistemas de control de tráfico aéreo e terrestre, vehículos autónomos e avións non tripulados, sistemas de seguridade e detección de riscos, ...

Agricultura: control e monitorización de pragas, enfermidades e anomalías, optimización do uso de auga e fertilizantes,..

Energía e medio ambiente: análise da contaminación e cambio climático, optimización de recursos enerxéticos, ...

Finanzas: análise de risco e fraude, predición de tendencias de mercado, personalización de produtos e servizos, ...

Entretenemento: efectos visuais e sonoros en películas e videoxogos, realidade virtual e aumentada, experiencias inmersivas, personalización de contido en streaming,..

Educación: sistemas de aprendizaxe adaptativo e personalizado, titorías virtuais e asistencia en liña, análise de datos,..